



PLAN DE PENSIONES

EXIXAMOS ELECCIONES Á COMISIÓN DE CONTROL

As forzas sindicais e a Confederación de Prexubilados e Xubilados asinantes deste escrito queremos expresar o noso máis enérxico rexeitamento á decisión dos sindicatos con maioría no C.I. (CC.OO. e U.G.T.), de acordo coa Empresa, de suprimir as eleccións á Comisión de Control do Plan de Pensiones.

Amparándose na alternativa que lles ofrece o Regulamento de Plans e Fondos de Pensiones, aprobado no ano 2004, e tomando a parte máis regresiva deste, de dubidosa legalidade e de clara ilexitimidade, o tripartito societario da Xestora decide eliminar as Eleccións á Comisión de Control e designar a dedo, como nos peores tempos afortunadamente pasados, os seus 12 membros, subtraendo de forma ditatorial, aos máis de 62.000 socios do plan, entre partícipes e beneficiarios, a opción democrática da súa elección.

En xuntanza celebrada o 14-12-04, e por un mero trámite administrativo, con ocultación de información e sen debate, designouse as 12 persoas que conformarán a Comisión de Control, sen atender ás protestas que, en todas as ocasións que tivemos, fixemos chegar aos tres socios capitalistas da Xestora.

Deste xeito totalmente escurantista enterraron doce anos de historia de eleccións á Comisión de Control por parte de todos os partícipes: activos, prexubilados e beneficiarios, co único obxectivo de aseguraren a xestión, sen controis incómodos, dun patrimonio de máis de 3.700 millóns de € (máis de 600.000 millóns de ptas.). Hai que salientar que a xestora FONDITEL (que ten como socios económicos a: Telefónica 70%, CC.OO. 15% e U.G.T. 15%), tivo en 2003 uns ingresos de 11.578.000 € (1.926 millóns de pts.) pola xestión do noso Plan de Pensiones, e un beneficio no exercicio 2003 de 7.582.000 € (1.262 millóns de pts.), sendo o seu activo ao 31-12-03 de 41.653.000 € (6.930 millóns de ptas.).

Pero este golpe á democracia ten moita máis transcendencia. Dos 62.000 compañeiros/as posíbeis electores, máis de 32.000 non poden votar nas Eleccións Sindicais ao seren prexubilados e beneficiarios, co que se lles impede a xestión dos seus fondos que, actualmente, supoñen máis da metade do monto económico total do Plan de Pensións.

Así pois, con soamente 15.187 votos que obtiveron nas pasadas Eleccións Sindicais entre CC.OO. e U.G.T., non todos de traballadores pertencentes ao Plan, atribúense a representación íntegra dos 62.000 que compoñemos o noso Plan de Pensións.

Este alto grao de irresponsabilidade, mostrado por CC.OO. e UGT, pode ter posíbeis repercusións negativas para os aforros que temos no Plan de Pensións e non fai falta lembrar episodios funestos na nosa previsión social.

Por que se blindan desta forma? Que medo impide a posibilidade de entrada de aire fresco na Comisión de Control? Non terá isto que ver cos favores que estas dúas corporacións sindicais veñen ofrecendo á Empresa na liquidación do cadro de persoal por medio de sucesivos ERE's, no cesamento da Colaboradora, nas reestruturacións, no acoso aos enfermos por Muprespa, en toda a desregularización e nos retrocesos que estamos a sufrir? Terán temor a perder unhas eleccións ante unha candidatura alternativa?

Toda este desatino debe pararse antes de que sexa demasiado tarde e temos que facelo entre todos. Por iso hai que exixir a retirada desta modificación do Regulamento do noso Plan de Pensións que impide a verdadeira elección dos representantes dos partícipes e dos beneficiarios, consagrando a designación directa, ditatorial e antidemocrática dos mesmos que o acordaron.

Exiximos a convocatoria inmediata de Eleccións á Comisión de Control, por democracia, transparencia, e polo bo funcionamento e mellora do Plan de Pensións.

Todos debemos exixilo, amosando o noso rexeitamento aos que deron este golpe á democracia, recollendo sinaturas entre o cadro de persoal, os prexubilados e os beneficiarios, e mobilizándonos, para recuperarmos o lexítimo dereito a decidir sobre a xestión dos nosos propios cartos.

Madrid, 3 de febreiro de 2005